



# 6º Educación Primaria Día das letras galegas 2025

As cantareiras e a poesía popular oral

# AS CANTAREIRAS

---

As cantareiras son as mulleres que interpretan cantigas da nosa música tradicional ou popular.

Estas cantigas interprétanlas nos festexos tradicionais, foliadas, seráns, ruadas, polavilas... ao remate dalgún labor agrícola colectivo: esfolladas, fiadas... ou mesmo nas festas familiares ou veciñais.

Normalmente nestas celebracións había música e baile. Ás veces aparecía (ou era contratado) algún gai-teiro ou acordeonista, pero normalmente estas cantareiras usaban a súa voz e instrumentos de percusión como as pandeiretas, os pandeiros e tamén ferriños, cunchas, latas grandes de pemento, sellas, tixolas... case calquera cousa que producira son.

Nas festas, as pandeireteiras normalmente actuaban en grupos, botando as cantigas por quendas, de tal xeito que todas, nalgún momento, puideran participar no baile.

As festas nas que interviñan as cantareiras e pandeireteiras adoitaban ter

a mesma estrutura: primeiro botaban os bailes soltos, con xotas e muiñeiras e despois os agarrados, con pasodobres, polcas, mazurcas... incorporados todos eles á música tradicional galega.

Este ano 2025 a Real Academia Galega dedícalles o Día das Letras Galegas ás cantareiras pola súa contribución ao uso, conservación e difusión da nosa lingua e a nosa cultura.



Eva Castiñeira, unha das homenaxeadas no Día das Letras Galegas 2025.

# QUE SABES DAS CANTAREIRAS?

1. Que interpretan as cantareiras?

---

2. En que tipo de eventos adoitan interpretar as cantigas? Sabes dalgún máis?

---

---

3. Que tipos de baile acompañan as interpretacións das cantareiras?

---

4. Completa a táboa con vocabulario que aparece no texto das cantareiras.

| <b>INSTRUMENTOS<br/>SONOROS</b> | <b>XUNTANZAS<br/>PARA TRABALLAR</b> | <b>BAILES<br/>SOLTOS</b>    |
|---------------------------------|-------------------------------------|-----------------------------|
|                                 |                                     |                             |
|                                 | <b>XUNTANZAS<br/>PARA FESTEXAR</b>  | <b>BAILES<br/>AGARRADOS</b> |
|                                 |                                     |                             |

5. As formacións de cantareiras e pandeireteiras tiveron a súa orixe nos traballos de axuda mutua realizados na sociedade agraria anterior ao século XIX. Une cada unha destas reunións coa súa definición.

**FIADA** ☐

Reunión de persoas que se fai para tirarlles as follas a determinadas plantas ou froitos.

**ESPADELA** ☐

☐ Reunión que se fai para fiar a la ou o liño.


**ESFOLLADA** ☐

☐ Reunión que se fai para limpar o liño con espadela (coitelo de madeira).

6. Que sabes da muiñeira? Arrodea as opcións correctas, pode haber máis de unha.

|                 |                                                                          |           |            |           |
|-----------------|--------------------------------------------------------------------------|-----------|------------|-----------|
| PROCEDENCIA     | AragónGaliciaAsturias                                                    |           |            |           |
| INSTRUMENTOS    | Gaita                                                                    | Violín    | Pandeireta | Harmónica |
| RITMO           | LentoRápidoAlegre                                                        |           |            |           |
| OUTROS NOMES    | Punteada                                                                 | Moliñeira | Ribeirana  | Xota      |
| TIPOS MUIÑEIRAS | AragónGaliciaAsturias                                                    |           |            |           |
| CARACTERÍSTICAS | IndividualColectivaLúdica                                                |           |            |           |
| BAILÁBASE...    | Preto dos muíños agardando a quenda<br>Nas festas e romaríasNos mercados |           |            |           |

7. Atopa na sopa de letras os bailes que aparecen no texto das cantareiras e escribe os seus nomes na definición.



☐ Danza popular de ritmo vivo:


☐ Danza tradicional que executan unha ou máis parellas:

☐ Baile de parella que presenta un ritmo alegre e vivo:

☐ Danza a dous tempos e con ritmo rápido, de orixe polaca:

☐ Danza popular polonesa de ritmo non moi rápido:

## 8. O encrucillado das cantareiras.



### HORIZONTALS


1. Música que interpretan as cantareiras pertencente á tradición dun pobo.
2. Parte do día que vai desde que comeza a poñerse o sol ata que se fai de noite.
3. Pandeiro pequeno e redondo con ferreñas, que se toca movéndoo cunha man e golpeándoo contra a outra.
4. Muller que canta cantigas populares.
5. Cantidade de liño, la etc. que se produce ao fiar.
6. Instrumento musical de vento que consta dun fol e de varios tubos de madeira por onde sae o aire.
7. Instrumento musical de vento formado por un fol, que se estende e contrae, e dúas caixas, unha a cada extremo do fol, cunha serie de teclas correspondentes aos sons que emiten.

HORIZONTAIS: 1. TRADICIONAL 2. SERÁN 3. PANDEIRETA  
4. CANTAREIRA 5. FIADA 6. GAITA 7. ACORDEÓN

# Este pandeiro que toco



---

Este pandeiro que toco  
por moito que repenique  
non teñas medo que rache  
que é de coiro de cacique.



# Que sabes da cantiga?

1. O pandeiro é un instrumento musical de percusión. Localiza nesta sopa de letras o nome doutros catro instrumentos de percusión.



2. Clasifica os seguintes instrumentos en **CORDA**, **VENTO** ou **PERCUSIÓN**.

|               |                |               |              |                 |
|---------------|----------------|---------------|--------------|-----------------|
| <b>VIOLÍN</b> | <b>FRAUTA</b>  | <b>TAMBOR</b> | <b>RABEL</b> | <b>REQUINTA</b> |
|               | <b>ZANFONA</b> | <b>CAIXA</b>  | <b>GAITA</b> |                 |

|                  |  |
|------------------|--|
| <b>CORDA</b>     |  |
| <b>VENTO</b>     |  |
| <b>PERCUSIÓN</b> |  |

3. Atopa na cantiga as palabras que se corresponden coas seguintes definicións.

☐ Persoa que exerce ou controla o poder político para concederlles favores aos seus protexidos.

☐ Romper algo de tea, papel ou dun material semellante.

☐ Tocar con mestría un instrumento, xeralmente de percusión.

☐ Instrumento de percusión rectangular cunha pel estirada que se toca coas mans, cos cotenos etc.

4. Atopa na cantiga os sinónimos destas catro palabras e redacta con elas unha anécdota.

**pelica:**

**repicar:**

**resgar:**

**temor:**

**Título:** \_\_\_\_\_


---

---

---

---

5. Completa as palabras coas vogais que faltan e completa con elas o texto.



A pelica para os *pandeiros* debía ser \_\_\_\_\_ pois o seu tamaño considerable así o esixía, de aí que en moitas \_\_\_\_\_ tradicionais se xogue con esta característica para poñer de manifesto a \_\_\_\_\_ que exercían sobre os \_\_\_\_\_ algúns elementos do sistema como o escribán, o xuíz, o alcalde ou o \_\_\_\_\_.

6. Investiga. Verdadeiro ou falso? Se é falso, corrixe.

☐

O adufe foi o nome orixinal do pandeiro galego.

\_\_\_\_\_

☐

Este instrumento xa era coñecido no antigo Exipto.

\_\_\_\_\_

☐

Os pandeiros sempre tiveron forma cadrada.

\_\_\_\_\_

☐ O interior dos pandeiros contiña obxectos sonoros.

---

☐ Dende sempre, a pandeireta foi máis utilizada que o pandeiro para acompañar o baile e o canto nas foliadas.

---

☐ Unha das tocadoras galegas de pandeiro cadrado máis recoñecida é María Grande Sobral, coñecida como Maruxa das Cortellas.


---

☐ A pel do pandeiro é, normalmente, de cabra e de raposo.

---

☐ O interior dos pandeiros contiña obxectos sonoros.

---



<https://consellodacultura.gal/asg/instrumentos/os-membranofonos/pandeiro-cadrado/>

<https://gl.wikipedia.org/wiki/Pandeiro>



# Mañá vou para Castela

---

Mañá vou para Castela,  
mañá primeira xornada.  
Cando te volverei ver,  
miña Rosiña encarnada.



# Que sabes da cantiga?

1. Por que pensas que o protagonista da cantiga vai a Castela?

\_\_\_\_\_

2. Le e completa a información sobre a cantiga.

☐ A cantiga ten como temática a \_\_\_\_\_ .

☐ A cantiga ten rima \_\_\_\_\_ .

☐ Riman os versos \_\_\_\_\_ e quedan soltos os versos \_\_\_\_\_ .

☐ As dúas palabras que riman son \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ .

☐ Os versos teñen \_\_\_\_\_ sílabas .

☐ A repetición da palabra «mañán» ao principio dos dous primeiros versos chámase \_\_\_\_\_ .

☐ O protagonista séntese \_\_\_\_\_ .

3. As cantigas riman. Serías quen de escribir unha ti tamén?

*Mañá...* \_\_\_\_\_

*mañá...* \_\_\_\_\_

*Cando...* \_\_\_\_\_

*Miña...* \_\_\_\_\_

4. Rosalía de Castro no seu libro *Cantares Gallegos* escribiu este poema:


*Castellanos de Castilla  
Tratade ben aos galegos  
Cando van, van como rosas  
Cando veñen, veñen como negros.*

Que relación pode haber entre o poema e a cantiga?

---

---

5. Na localidade de Negreira, na provincia da Coruña, podemos ver o monumento ao emigrante, obra do escultor Fernando García Blanco. Descríbeo.



---

---

---

---

---

---


---

---

---

---

6. Deseña un monumento ao emigrante. Colorea.



7. Colorea da mesma cor a palabra «emigración» e «emigrante» coa súa lingua correspondente.

**Emigração**

**Émigration**

**Auswanderung**

**Alemán**

**Inglés**

**Portugués**

**Francés**

**Émigrant/e**

**Emigrant**

**Emigrante**

**Emigration**

**Auswanderer/  
Auswanderin**